

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

Esta programación didáctica (PD) elaborouse seguindo o "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia". O seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos recollidos neste documento legislativo, no concerninte á materia de "música e danza".

O CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel, situado no concello de Carral, ten escolarizados algo máis de 440 alumnas e alumnos. Este curso académico, están distribuídos en 6 unidades de educación infantil, a razón de dúas en cada nivel; e 18 unidades en educación primaria; tres en cada nivel. cada aula ten entre 16 e 23 alumnas e alumnos. O horario lectivo comprende desde as 9.20h ás 14.20h. Ademais hai servizo de mañanceiro, comedor (con cociña), transporte e actividades extraescolares.

Este curso académico o fío condutor (Proxecto Documental Integrado de Centro) será "Todos temos unha historia que contar". Sempre que sexa posible, o introduciremos nas actividades musicais.

A educación artística é de especial relevancia na educación primaria xa que contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, intelectual, social e comunicativa, emocional e afectiva, estética e creativa. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado.

A área de Música e Danza, organízase arredor de dous eixos:

- reflexivo: percepción e análise
- creativo: expresión e produción

Así pois, as Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD están concibidas para inculcarlle ao alumnado a importancia de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza serán potenciadas. Tamén traballarase coas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante o corpo, a voz e instrumentos musicais como medios de expresión e comunicación.

Por último, tendo en conta o xa pasado e difícil contexto pandémico, nesta PD pretende, ademais, facilitar ao alumnado ferramentas que desenvolvan a súa intelixencia emocional a través da dramatización, relaxación ou expresión de sentimentos. Ademais, farase fincapé no traballo da voz para reforzar a correcta vocalización, impostación e pronunciación esquecidos neste tempo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PREPARADAS	<p>Nesta UD preténdese repasar e afianzar o traballo realizado no curso anterior en canto as dinámicas e rutinas de traballo, a responsabilidade e coidado do material, respecto aos compañeiros, etc. Ao mesmo tempo traballarase con elementos da música: figuras musicais, símbolos musicais, ritmo, melodía, canción, harmonía.</p> <p>As 4 unidades didácticas se desenvolven ao longo do curso. Tratarase de empregar recursos musicais relacionados co PDI.</p> <p>Ademais, sempre que sexa posible, tamén se empregarán materiais relacionados coas conmemoracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día Internacional da Muller, Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.</p>	25	11	X	X	X
2	LISTOS	<p>Nesta UD2 empregaremos o traballado na UD1, para aplicalo á practica instrumental, con instrumentos escolares Orff (PAI e PAD) e coa fruta. Incluíndo a lectura,</p>	25	10	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	LISTOS	interpretación e improvisación instrumental.	25	10	X	X	X
3	MÚSICA....	Esta UD3 continúa reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música cara a audición ou recepción activa, a análise de diferentes formacións musicais e aspectos significativos da historia da música. Por outra banda, empregárase a autoavaliación para revisar o aprendido ata o momento.	25	5	X	X	X
4	...E DANZA!	Esta última UD4 profundiza nas danzas tanto galegas como doutras rexións ou países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en gran grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado.	25	9	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PREPARADAS	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe elementos básicos de manifestacións culturais galegas con vocabulario intermedio.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: branca, negra (con puntiño e silencios), dobre corchea; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4 e 3/4 (discriminándoos polo acento do pulso).		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le un musicograma con grafía convencional e non convencional, e interprétao con percusión corporal e sílabas rítmicas.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Traballa en grupo para formar unha pequena peza musical empregando elementos musicais indicados.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais.</li> <li>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común en música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	LISTOS	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía (6 c. de 2/4 ou 4 de 3/4; do, mi, sol, la e do agudo; branca con puntiño, branca, negra -e silencios- e dobre corchea). Improvisa (pentatónica) en instrumental PAD sobre unha base musical.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: branca con puntiño, branca, negra -e os seus silencios- e dobre corchea).		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha composición musical onde aparezan instrumentos PAI, PAD, voz e movemento.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.</li> <li>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	MÚSICA...	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais e coñece elementos propios delas como: a persoa compositora e o xénero e/ou o estilo, entre outros.	TI	100
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual sobre o seu grupo de música ou baile favorito.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artístico musicais propostas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e produto final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creado-res locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> </ul>



### Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
4	...E DANZA!	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Asocia diferentes movementos da expresión corporal a emocións ou aos elementos representados.	TI	100
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algúns elementos do pasodobre, o vals, a muiñeira.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual sobre o seu grupo de música ou baile favorito.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artístico escénicas e performativas		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baila en parella os pasos básicos de pasodobre e vals		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, sentimentos e emocións experimentados tras a interpretación de pequenas coregrafías,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha coreografía que inclúa unha parte improvisatoria		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa en grupo na creación dunha dramatización sobre unha música dada		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o produto final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.</li> <li>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.</li> <li>- Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres</li> <li>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> </ul>

## Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e os obxectivos da etapa. Están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

As 4 unidades didácticas, que viaxan ao longo do tempo ao estar presentes en cada un dos 3 trimestres. Trátase de abordar as ferramentas musicais necesarias para desenvolver unha actividade musical completa; e así desenvolver os múltiples aspectos artísticos e musicais no alumnado. Así pois, lerán, interpretarán, ritmarán, cantarán, tocarán, bailarán, improvisarán,... empregando as aprendizaxes adquiridas cada trimestre.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgúnhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

-recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas complementarias e voluntarias

-vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso

-ligazóns de interese relacionadas coa materia

-outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS: equipo docente
RECURSOS ESPACIAIS: aula de música e, puntualmente, outros espazos do centro (patio, aula de psicomotricidade, radio, biblioteca).
RECURSOS MUSICAIS: pizarra dobre con rodas: unha cara con pentagramas e outra branca, instrumentos PAI e PAD, frauta (propia de cada alumno, a partir de 3º EP), cartafol de fundas plásticas (propia de cada alumno), teclado (piano), outros instrumentos (cunchas, agogó, boomwackers, campás,...), outros materiais (panos, botellas, redondos,...), equipo de son (altofalante portátil, micrófonos, pés de micrófono), bibliografía específica musical
RECURSOS DIXITAIS E TECNOLÓXICOS: aula virtual (ou edixgal, de ser o caso), ordenador de sobremesa conectado a altofalantes, proxector e pizarra interactiva (mestra), ordenadores e-dixgal (alumnado) e diferentes aplicativos para elaboración e traballo na clase de música e danza

A aula de música e danza é espaciosa e ben iluminada. Aínda que para traballar Danza, ás veces será necesario baixar ao patio cubierto ou á pista, pois as cadeiras con paletas do redor limitan o espazo para moito movemento ou para alumando máis maior. Cando vai moita luz, necesitamos baixar as persianas porque ou ben o sol molesta ao alumnado ou ven no se ven as proxeccións. Por outra banda, as paredes da aula están insonorizadas para así illar a aula das clases veciñas.

Cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

O ordenador de aula, os altosfalantes, a pizarra dixital e a pizarra con pentagramas son funcionais.

Os micrófonos, pés de micro, altosfalante portátil e cableado empregáronse para a gravación de producións do alumnado, material de soporte do profesorado, conmemoracións ou clases no exterior. A pizarra dobre permite empregala pola cara que conveña segundo a actividade. Ademais pode desprazarse.

Empregaremos materiais diversos para actividades no chan, de relaxación, percusión, ritmo,....

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (fruta con limpador e funda, cartafol con fundas plásticas para gardar as fichas e estoxo).

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2-4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e das necesidades significativas de cada alumna/o en particular.

Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD.
- unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado, estableceranse o nivel de partida desde o que traballar ou reforzamento necesario. Aqueles casos que teñan maiores dificultades, será notificados a persoa titora (incluso, en casos extremos, ao DO) e realizarase un reforzo na aula (ACS se fora necesario).

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Os CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota da avaliación ordinaria (final) obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%

-2º trim. 35%  
-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Tendo en conta que se traballa en avaliación contínua e que en todos os trimestres se volve a incidir sobre a materia traballada, o alumnado terá todo o curso académico para acadar os mínimos de consecución.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Ao alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Co alumnado con limitacións de desprazamento ou en silla de rodas, adaptaranse as actividades que así o requiran para que poda desfrutar e aprender igual que os seus compañeiros.

Co alumnado con dificultades motrices, buscaranse adaptacións e alternativas nas actividades que así o requiran.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X		X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital			X	
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X		
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X	X	
ET.9 - Educación para a saúde		X		X
ET.10 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.11 - Non discriminación por razón da orientación sexual ou de identidade de xénero			X	X

### Observacións:

Os elementos transversais trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos: lectura e entoación de cancións; actividades que necesitan proxección de vídeos; edición musical; creación de ritmos e melodías; respecto polos compañeiros e compañeiras; coidado e limpeza do material musical; colocación postural para tocar, cantar ou bailar,...

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Concerto didáctico a cargo da OSG		X	
Festival de Fin de Curso	actuación dun grupo musical infantil para todo o alumnado do centro			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouuse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

A enquisa ao alumnado será realizada a final de curso a través de preguntas de escala (0-5) acerca de se comprenderon as instrucións, se lles gustaron as actividades, que mellorarían,...

O resto dos indicadores serán cubertos polo docente cunha escala de 0-5 ou "si-non", segundo o tipo de pregunta.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS.
  - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
  - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

## 2. Análise das dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

-Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.

-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.

-Probas de avaliación de distinta dificultade.

-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

## 3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados